

LUGO

Os segredos da retranca, a debate nunhas xornadas sobre literatura de tradición oral

Participarán neste encontro, o día 24, Xosé Lois González «O Carrabouxo», Paula Carballeira, Antonio Reigosa, Quico Cadaval, Suso Lista e Lois Pérez



Reigosa, Ferreiro e Pérez presentaron a xornada do día 24

LAURA LÓPEZ

LUGO / LA VOZ 07/10/2020 11:11 H

A retranca é inherente á tradición oral galega. E nese xeito de transmitir historias, de contar o mundo e de expresar o sentir do pobo, afondarán os participantes na **XIII Xornada de Literatura de Tradición Oral**, que **se celebrará o sábado 24 no salón de actos do Pazo de San Marcos**. A iniciativa foi presentada polos escritores e representantes da Asociación de

Escritores en Lingua Galega (AELG), Antonio Reigosa e Lois Pérez, e pola vicepresidenta da [Deputación de Lugo](#), Maite Ferreiro.

O humor nos xéneros da literatura tradicional popular centran o programa da xornada, que contará con relatorios de [Quico Cadaval](#), Xosé Lois González «O Carrabouxo», Paula Carballeira e Suso Lista.

Na presentación, Lois Pérez explicou que o humor «é un trazo preeminente na literatura de tradición oral, moi arraigado e vencellado ás clases populares e traballadoras, fundamentalmente radicadas no rural», e incidiu en que «o humor galego dáse na súa mellor versión, vencellado á retranca, á ironía, dáse de arriba para abaixo. En boa parte dos contos de tradición oral aparecen as chanzas co poder económico, eclesiástico, cos señoritos chegados da cidade».

Pola súa banda, a vicepresidenta explicou que «a área de Cultura da Deputación de Lugo mantén unha colaboración estable coa Asociación de Escritores en Lingua Galega desde hai case trece anos, e precisamente na súa orixe está a organización destes encontros de estudo e análise da literatura tradicional, que se veñen celebrando de forma continuada desde aquela», e agradeceu tamén «a implicación da AELG na actividade cultural, tanto da cidade como do resto da provincia».

Na mesma liña, Antonio Reigosa puxo en valor «as actividades e recursos xerados nos últimos anos arredor da colaboración coa área de Cultura da Deputación, de interese para o país e para colectivos tan importantes como o do ensino».

Inscripcións de balde

A xornada conta coa homologación da [Consellería de Cultura](#), Educación e Universidade por 8 horas. As persoas interesadas nesa certificación deberán facer a matrícula a través da páxina web da Asociación sociopedagóxica Galega (AS-PG) ata o día 22. Quen non estea interesado no certificado homologado e unicamente queiran un certificado de asistencia da AELG deberá facer a inscrición no correo electrónico oficina@aelg.org. No desenvolvemento da actividade aplicaranse as limitacións de aforo e os protocolos sanitarios vixentes.